BLOQUE NACIONALISTA GALEGO CULLEREDO

*BOLETÍN GRATUITO* · **MARZO DE 2023**

# VOCEIRO DE — CULLEREDO



**Tono Chouciño**
Candidato á alcaldía de Culleredo

## TI SABES, COMA NÓS, QUE CULLEREDO PRECISA DUN CAMBIO

## Un goberno decente ten que defender os intereses da veciñanza de Culleredo

## CIDADANÍA —

Somos impulsores da participación cidadá e da mellora da xestión dos recursos municipais, mediante a regularización dos contratos dos servizos públicos.




## — INFRAESTRUTURAS




Culleredo soporta o paso de numerosas infraestruturas polo seu territorio.
A nosa prioridade son os intereses da veciñanza de Culleredo fronte as afeccións de infraestruturas como o aeroporto, o Vial 18 ou a autoestrada.

## COMERCIO —

Estamos comprometidos co comercio local e cremos na posta en marcha de "Centros Comerciais Abertos", que dinamizan a economía de autónomos e pequenos empresarios.



## — SERVIZOS SOCIAIS



**Concellos BNG**
Residencia municipal de maiores en Ribadeo

Os gobernos BNG poñen en marcha servizos sociais públicos de calidade. É necesario acurtar prazos de resposta en situacións de emerxencia, mellorar a asistencia domiciliaria e aumentar a dotación do Centro de Información da Muller (CIM).

## ENSINO —



Traballamos para elaborar un Mapa Escolar claro, con visión de futuro, que garanta a igualdade e a conciliación familiar, e que inclúa un novo instituto no rural.

## — SANIDADE




A defensa da sanidade pública implica achegar os servizos á xente. Culleredo precisa reforzar os servizos de Fisioterapia e Psicoloxía e un centro de saúde no rural ben dotado.



1. Chouciño Garrido, Enrique Antonio (Tono)
2. Pérez Mosquera, María Beatriz
3. Méndez Mosquera, Gonzalo
4. Fernández-Villarrenaga Vázquez, Xabier
5. Otero Sánchez, María del Carmen
6. Calvo Conchado, Ana María
7. Raposo Vigo, Laura
8. Bello Pose, Xosé María
9. Rivadulla Deschamps, Verónica
10. Pardo Silva, Iván
11. Pérez Barros, Alba
12. Martínez Grela, Álvaro
13. Regueira Catoira, Enriqueta (Tucha)
14. Sánchez Roel, Jorge
15. Cambón Sánchez, María Pilar
16. Torres Arcas, José Luis
17. López Dans, María
18. Castro Pardo, Jose Antonio
19. Veloso Rodríguez, Ana Belén
20. Rioboo Núñez, Francisco Xabier
21. Sampedro Díaz, Rocío


S1. Garcia Regueira, Alexandre
S2. Casais Domínguez, Alba
S3. Nepomuceno, Carla
S4. Vidal Sánchez, Brais
bng
BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO CULLEREDO

## CULTURA –



Traballamos para recuperar e pór en valor o noso patrimonio histórico, artístico, ambiental e arqueolóxico. A rede de bibliotecas debe dimensionarse segundo o tamaño e necesidades da poboación.

## NOVAS TECNOLOXÍAS –

## – RURAL



É hora da fibra óptica chegar a cada recuncho do concello e da WiFi pública en todos os edificios municipais. A alfabetización dixital é urxente para garantir o acceso a servizos básicos para toda a poboación, con especial atención aos maiores.

## DEPORTE –



Concellos BNG

Piscina municipal en Carballo

A rede de instalacións deportivas municipais ten que estar á altura do dinamismo demográfico dunha poboación de case 31.000 habitantes.

**Culleredo necesita un PXOM.** E tamén axilizar a emisión das licenzas urbanísticas, crear Áreas de Rehabilitación Integral dos núcleos construidos hai máis de 25 anos e facer mantemento dos elementos urbanos públicos.




## URBANISMO —




## MOBILIDADE —

É importante centrar a mobilidade nas persoas e non nos vehículos. Precísase tren de proximidade, rede peonil no rural e unha malla viaria urbana que solucione os actuais colapsos en horas punta.

## — MEDIO AMBIENTE

Defendemos o patrimonio natural, desde a Ría do Burgo ata o Monte Xalo e os nosos ríos.



# — É A HORA —



## Chegou o momento de construír o Culleredo que a veciñanza merece

**O equipo do BNG é o teu equipo. Formado por veciños e veciñas de Culleredo coma ti, traballadoras, esperanzadas e cheas de ilusión para transformar o noso Concello. Merecemos máis, e contigo faremos de Culleredo o lugar en que calquera poida vivir e ver realizados os seus soños e aspiracións.**

**O cambio**
**que precisa Culleredo**

culleredo.bng.gal

culleredo@bng.gal

Culleredo BNG

@culleredobng

bng
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO CULLEREDO